



/ O que fixemos... /

Nova Directiva.

O pasado 1 de xullo, tivo lugar a Asemblea Xeral Extraordinaria da nosa Asociación, na cal foi nomeada, por unanimidade de votos, a nova executiva que rexirá esta entidade durante os próximos catro anos, quedando constituída da seguinte forma:

Presidencia: Leticia Riestra Ainsua.
Vicepresidencia: Roberto López Boado.
Tesourería: Cristino Conde López.
Secretaría: Noemí Iglesias López.



Desexámoslles moita sorte nesta nova etapa 

Sáudos da nova presidenta da Asociación.



Como nova presidenta da Asociación, quero dedicar unhas palabras a todos os socios da mesma para poder presentarme a aqueles que non me coñecen.

Levo na Asociación 20 anos e entrei sendo unha nena. Doce ou trece anos tiña eu e comecei con clases de fruta (pobre Rosa Louro que lle tocou aguantarnos a miña irmá e máis a min) e guitarra. Agora son eu monitorea de guitarra e sempre presumo de aprender nesta asociación e ser eu agora monitorea na mesma, porque se algo teño que agradecer a Tanxedoira son os valores que me inculcou: compañeirismo, altruísmo e dedicación por un ben común. Compañeirismo, grazas a compartir tantos momentos cos meus compañeiros da rondalla. Altruísmo por ofrecer os meus coñecementos ao resto dos socios simplemente polo feito de querer compartilos (guitarra e informática) e, por último, dedicación polo ben común que é facer que o nome de Tanxedoira sexa coñecido en toda A Coruña (e máis aló...).

A. C. Tanxedoira. Se hai algo que teño que destacar por encima de

calquera cousa é a sensación de familia que achega Tanxedoira, onde dá igual que leves anos e anos sendo socio ou onde tan só sexas un recen chegado. Todos son acollidos cos brazos abertos. Mesturámonos nenos, mozos, adultos e non tan adultos para facer festas, festivais, excursións e comidas (porque outra cousa non pero aquí as caralladas encántannos).

Comentar, para todos aqueles que non me coñecen, o importante que é Tanxedoira para min, pois practicamente crecín nela e vivín un sen fin de momentos e anécdotas e sen ela sentiría que me falta algo. Así que desde o meu novo cargo podo afirmar que vou tentar dar o mellor de min para que nosa pequena familia continúe como ata agora e siga crescendo.

E podo falar tamén polos meus compañeiros de directiva porque sei que darán tanto ou máis que eu para deixar o nome de Tanxedoira en moi alto lugar



Os de impro en plena actuación.

Traballar en equipo é fundamental, aínda que neste caso é traballar en familia porque para min xa son unha pequena familia.

BICOS MIL

Igor Vizoso.

Leticia Riestra Teatro en Arteixo.

Impro en Melandrainas 4 de xuño.

Cando aprendes a andar en bicicleta normalmente falo aos poucos, primeiro coa axuda dos teus pais, cunha soa rodiña, despois sen rodiñas e finalmente vas ti soíño. Aos poucos vas collendo confianza, perdes os medos e ata te atreves a soltar as mans do guiador.

Os mozos de Impro de Tanxedoria estrearon a bici hai dous anos e o día 4 de xuño tocáballes camiñar sós polo carril bici de Melandrainas.

Aos poucos, con paso firme pero seguro, deixaron as rodiñas, apartaron os seus medos e os seus tabús e comenzaron a traballar en equipo chegando con éxito á meta e ata se atreveron a soltar as mans e saudar ao redor.

A confianza que adquiriron, e o bo rolo creado todos os luns en clase, permitiralles nun futuro facer moitas máis rutas na bici da Impro, que está desexando que a leven por una historia nova en cada pedalada.

O carril bici de Melandrainas dende logo axudou moitísimo porque é un verdadeiro pracer botarene a rodar nese escenario.

Ola: Son unha seguidora de A. C. Tanxedoira.

En primeiro lugar, gustaríame destacar a vosa condición e o acolledores que sodes. Ademais, tamén quería agradecervos os bos momentos que facedes pasar ao público que vos seguimos nas vosas actuacións.



¿Perderían "os papeis"?

A tarde do sábado 11 de xuño, no Café-Teatro "Melandrainas" de Arteixo, pasamos unha tarde moi divertida coas vosas pinceladas de humor: La ciudad no es para mí e ¡Quién nos manda a nosotros hacer teatro!

Os asistentes gozamos moitísimo desta actuación

Amalia Dacosta.

Comida de grupos artísticos. Festival fin de curso Tanxedoira 2015-2016.

O día 12 de xuño celebrouse a comida de grupos artísticos na que os membros da Asociación puidemos compartir momentos moi entrañables.

Para min e a miña familia era a primeira vez que participábase deste encontro, e quedamos moi satisfeitos de pertencer a un grupo de xente onde non importa nin a idade nin a procedencia, tan só o gusto de crear e compartir boas experiencias.

A verdade é que a decisión de celebrar a comida nun restaurante tipo buffet foi un acerto, pois cada un comeu e bebeu o que máis lle gustaba, probando pratos e presentacións novas. De feito, Tanxedoira é un pouco como un buffet, onde cada un pode elixir o que máis lle gusta, formando un conxunto heteroxéneo, pero moi ben orquestrado para obter un resultado.



Vista do salón cunha parte dos asistentes.

Cando xa tiñamos probado case todas as sobremesas, apareceron unhas guitarras e todos comezamos a cantar. Ao principio con sorpresa, con agrado despois, todo o salón seguía o ritmo das melodías que se propoñían. Algúns bailaron, outros recitaron, e ata conseguimos que unha parella, que celebraba o seu aniversario, disfrutara dun momento especial.

En definitiva, foi unha moi boa oportunidade para confraternizar e confirmar que Tanxedoira non é só un grupo de xente que canta ou toca un instrumento. A familia Tanxedoira é moito máis. Grazas Tanxedoiros e Tanxedoiras por ser como sodes👍

David Quilón

Un ano mais despedimos o curso diante dun público incondicional que encheu o salón de actos do Centro Cívico de Novo Mesoiro. A tradicional exhibición das nosas actividades tivo unhas simpáticas presentadoras, Elsa e Nuria, que nos fixeron desfrutar mentres se viñan arriba.

As coordinadas melodías do CORO, ou a mímica interpretación do GRUPO DE TEATRO arrincaron un sin parar de aplausos. Logo unha gran coreografía por parellas do BAILE LATINO, precedidas polas nosas polifacéticas bailarinas, Silvia e Leticia, bailando a canción de Tito Puente “Oye como va” ... deixaronos xa sen alento. Para descansar entregáronse os premios do concurso de fotografía e os obsequios aos sacrificados monitores das actividades.



Exhibición de baile latino.

Logo subiu a escena o multitudinario grupo, dos mozos e xubilados, de GUITARRAS que conseguiron tocar ao unísono as súas cancións. De seguido aparecen as luces danzantes no escenario facendo maxia co grupo convidado Urban Dance MELANDRAINAS e como colofón, o deleite da RONDALLA.

Todos os grupos atenderon aos gritos de “outra, outra” para que o público levara un bo sabor de boca. Mentres tanto, pasa un feliz verano e volta o próximo curso con ganas de apuntarte a calquera das actividades de TANXEDOIRA👍

Antonio González

Expo Tanxedoira 2016.

Como todos os anos, ao finalizar as actividades de bolillos, labores e pintura, o alumnado expuxo os diferentes traballos realizados durante o curso. Tal exposición celebrouse no local de Tanxedoira durante os días 20 ao 23 de xuño, ambos inclusive. Parabéns a todos.



Vista parcial da exposición de traballos de labores e pintura.

Quíxose aproveitar a oportunidade para solicitar a opinión dalgunha profesora, recollendo a mesma a continuación:

“ACTIVIDADE PINTURA. Curso 2015-2016.

Na actividade de Pintura da Asociación Tanxedoira, na que estou de monitora desde o ano 2014, fixemos un grupo dos máis variado en canto a idades, desde os 6 anos en diante. A maioría, nunca pintara antes. Deixamos que a nosa imaxinación flúa e que se definan as personalidades. Expresámonos e comunicamos. Pintamos porque é alucinante cada descubrimento que se fai, cada pincelada é unha nova oportunidade. Os alumnos cada vez que descubren unha nova mestura, unha nova cor, un novo efecto, esperta neles alegría, emoción, por iso, non ven aburrída a actividade. Tratamos de pasar un intre distendido, con bromas, cantando, e de cando en vez unhas cantas voltas ao redor das mesas, que aos máis pequenos vénlles de marabilla para non perder a concentración.



Alumnado de diversas idades nunha clase de pintura.

É un ambiente non competitivo e relaxante, onde o alumno aos poucos vai vendo a súa progresión, sobe a súa autoestima e aínda que somos un grupo, cada traballo é individual. Danse ánimos cando a algún non lle sae ben e dan o parabén cando algún acaba o seu cadro.

Fanse unha media de dous cadros por alumno durante o curso, moi elaborados.

*En definitiva, a arte humanízanos, axúdanos a comunicarnos, perdemos a timidez e, en certa maneira, fainos ver un mundo menos malo. Ata o próximo curso!! **Beatriz Carballido do Camiño. Monitora**”*

A.C. Tanxedoira

Excursión de fin de curso 2015-2016.

O domingo día tres de xullo, ás oito da mañá, unha hora de loucura despois do estupendo trafego da tarde noite anterior na Festa da Sardiñada, poñémonos en marcha dispostos a conquistar a Península do Barbanza, entre as rías de Muros-Noia ao norte e a de Arousa ao sur. A maná preséntase fresquiña, co sol espreguizándose e apartando con coidado algunhas nubeciñas folgazanas.

Saímos para Santiago sentíndonos os donos absolutos da autopista. Sono de máis nos ollos para sermos capaces de disfrutar da marabillosa paisaxe, mais iso amáñase ao chegarmos a Padrón. Que doado resulta agora introducirse pola feira, aínda que só sexa por un momento! Nos meus tempos mozos, cruzar a vila un domingo de feirón era unha tortura pola multitude de vehículos e sen posibilidade de deixar a caravana ata moito despois de ter pasado as ofertas. Un curioseo rápido, un café e algo máis, e volta ao coche de Daniel e a seguir ata a Pobra do Caramiñal para asomármolos ao mirador da Curota, desde cuxos case cincocentos metros de altura se poden ver parte das rías de Pontevedra, Vigo, Arousa e Muros-Noia. Os valentes, case todos, subiron ata o cume, loitando contra un vento que adorarían todos os perruqueiros e perruqueiras do mundo. As máis cagainas ficamos un pouco máis abaixo, disfrutando da marabillosa

contorna. Os sombreiros e chapeus mercados na feira fixeron piruetas e pinchacarneiros que obrigaron a correr a máis de un.

A iso do mediodía chegamos ao dolmen de Axeitos, un monumento funerario megalítico, levantado na época neolítica (IV milenio a. C.). Oito grandes laxas de granito fincadas na terra conforman unha planta poligonal sobre a que se apoia outra lousa horizontal de 4'5 por 3'5 metros; aínda conserva as laxas que conformarían o corredor de entrada. Resulta moi interesante e está situado nunha paraxe preciosa.

Continuamos hacia Corrubedo para ver moi de pasada a súa marabillosa duna móbil. Os que a viron sen presas din que é tan espectacular que o lugar serviu de marco para escenas de películas ambientadas no deserto. Con máis de 1 km de longo, uns 250 metros de largo e uns 20 metros de altura observámola desde a distancia, branca coma unha marabillosa raíña da area. Mentres, Jesús envía as fotos que dan conta da viaxe para quen quedou na casa. Todos sorrintes. Así dá gusto.

Á hora de comer, o grupo fai eleccións diversas: praia, piñeiral ou restaurante para xantar seriamente (está todo reservado) ou de petiscos, que resulta xenial: racións en oferta variada, todo saboroso e recén feito, sol e brisa agradable.



Os excursionistas no Castro de Baroña.

Logo o castro de Baroña. É un castro de tipo marítimo, tanto pola súa ubicación, coa praia de Arealonga aos seus pés, como polo medio de vida dos seus habitantes. A beleza e singularidade deste castro radica na súa ubicación. Está situado nunha pequena península rocosa, separada da terra por un istmo de area. Foi ocupado entre os séculos I a. C. ao I d. C. Na totalidade do conxunto obsérvase aproximadamente unhas 20 vivendas de planta

circular ou oval, sen portas nin fiestras, e con banco corrido en todo o perímetro.

Atravesamos Porto do Son e Portosín con silencio de sesta e para cerrar a jornada eliximos a ribeirense praia das Furnas, inmensa, toda nosa para desfrutar ao gusto de cada quen. Eu escribo. Redacto estas liñas pensando que así, quizais, se reflecta unha migalla do solpor. Non estou soa, pero nun instante si que o parece e unha voz amiga achégase para invitarme a unha tertulia ubicada uns pasos máis abaixo. Agradezo a invitación, mais continuo a escribir. Que luxo poder facelo aquí, escoliando as ondas e as gaivotas que procuran bocadillos esquecidos!

Nun intre o autobús devolveranos a casa. Que marabilla de día! 🍷

Rosario Barros Peña.

Sardiñada 2016.

O pasado día 2 de Xullo, celebrouse a tradicional sardiñada da nosa Asociación, que desta vez, por novas normas do Concello, tivemos que trasladar a un novo emplazamento: a casa duns socios, que a puxeron á nosa disposición.

Nesta nova nova ubicación, e rodeados de tanxedor@s, nun día soleado que convidaba a pasar unha tarde de festa, os máis pequenos (e algún non tan pequeno) desfrutaban duns chapuzóns na piscina, mentres outros saltaban na cama elástica. Algúns maiores disputaron unhas partidas de fútbolín, mentras Tino e Manolo (nosa noraboa polo chefs) comezaban a asar as sardiñas e o churrasco, do que demos boa conta todos os participantes, acompañados de bebidas fresquiñas para mitigar o calor do día.

Seguimos de troula boa parte da tarde, entre “bautizos” da nova presidenta e algún que outro baño “non” desexado, mais foi todo feito con moita risa e alegría, do que imos sendo testigos desde que somos membros da asociación.

Pola nosa parte, que fomos os anfitrións, queremos darvos as grazas (non sufrimos desperfectos nin na casa nin no xardín, hehehehe..) pola asistencia e agardamos que todo o acontecido fose de voso

agrado e por suposto, que a nosa casa está encantada de recibir a persoas coma vós e celebrar días como este cando sexa necesario.



As altas temperaturas non desanimaron os comensais.

Así que ata a seguinte e moito ánimo Tanxedoir@s

Ana Vilariño.

Pasacalles por Arteixo.

O día 22 de xullo, con motivo das festas de Santiago Apóstolo no Concello de Arteixo, a nosa Asociación foi convidada, entre outros grupos, para colaborar amenizando rúas e prazas que vivían un excelente ambiente festivo, o cal se vía acompañado dunha climatoloxía apropiada para iso.



A representación de Tanxedoira no pasacalles de Arteixo.

O pasacalles realizouse cun nutrido grupo de efectivos da rondalla e do coro, que recibiu o agradecemento do público. Pero require ser destacada a extraordinaria actuación coa que os

compoñentes do coro pecharon, na Praza do Balneario, a actuación formal de Tanxedoira, lugar no que a Asociación recibiu un obsequio do municipio.

Máis tarde, o grupo dirixiuse ao café-teatro Melandrainas, lugar no cal continuou alegrando a tarde-noite coas súas guitarras e cantos

José Luis Ponte.

Festa no Acuapark.

Os Tanxedoiros sempre buscamos onde pasalo ben, como o outro día no Acuapark de Cerceda.

Chegamos pola mañá a iso das dez da mañá. Xuntámonos na entrada e logo colocámonos nun cachiño de campo que había por alí libre, preparámonos para as piscinas e... listos para a diversión!

Subimos naqueles tobogáns e zambullimonos naquelas piscinas e, aínda que a auga estaba un pouquiño fría, desfrutámola moito.



Mostra de sereas e tritóns Tanxedoir@s.

Despois dun rato de diversión fomos cara as toallas onde comemos, xa con ansias de voltar outra vez á auga.

Estivemos toda a tarde alí xogando e fómonos sobre as oito da tarde.

Encantoume o día e o pasámolo xenial, porque como xa dixen cando empecei con isto: nós sempre buscamos un sitio onde pásalo ben

Sara Conde.

/ A destacar.../

Axenda

📅 10 de Setembro.

PREINSCRIPCIÓN ACTIVIDADES.- Local Social de 11:00 a 20:00 horas.

📅 13 de Setembro.

LISTAXE DE ADMITIDOS, EXCLUÍDOS E EN LISTA DE ESPERA.- Publicarase no Local Social.

📅 19 de Setembro.

INICIO CURSO.- Achégase cadro con diversa información sobre as actividades organizadas para o curso 2016/2017

Nome Actividade	Día	Hora	Monitor
Acordeón	Luns	18:00-19:30	Luis Romero
Improvisación ó teatro	Luns	20:30-21:30	Igor Vizoso
Bolillos y Labores	Martes	17:00-19:00	Victoria Vázquez
Baile latinos (adultos)	Martes	20:00-21:30	Danay
Fútbol sala	Martes	20:00-21:00	Ovidio Rojo
Pintura ao óleo	Mércores	18:00-20:00	Beatriz Carballido
Teatro para adultos	Mércores	20:00-22:00	Jesús García
Frauta	Venres	18:00-19:0	Sara Barbeito y Daniel Salorio
Informática (Iniciación)	Venres	19:00-20:30	Leticia Riestra
Coro	Venres	19:00-21:00	David Loureiro
Rondalla	Venres	21:00-22:00	David Loureiro
Guitarra	Sábado	11:00-12:00, 12:00-13:00	Leticia Riestra Silvia Recouso Javier González

📅 1 de Outubro.

FÚTBOL SALA.- Polideportivo Barrio de las Flores. Horario de 11:00 a 13:00. Os interesados en participar poderán inscribirse na lista que para ese efecto se achará no Local Social.

E unha vez que finalice o evento deportivo, poderase gozar da

COMIDA INICIO CURSO.- Celebrarase no Local da Asociación, de 14:00 a 20:00 horas. Os asistentes achegarán as viandas que serán compartidas. E para realizar un menú variado, estará dispoñible unha listaxe no Local Social, no cal realizaranse as inscricións e informarase dos produtos que levarán.

📅 3 de Outubro.

COBRO DE COTAS.- Pasarase ao cobro a cota anual de asociado.

📅 29 de Outubro.

FESTA DE SAMAÍN.- Desenvolverase nas instalacións da Asociación, de 17:30 a 20:30 horas. Haberá listaxe no Local para inscricións.

📅 14 de Novembro.

CONCURSO POSTAIS NADAL.- Ábrese a nova edición do habitual concurso. Terá dúas categorías: Adultos (a partir de 14 anos) e Infantil (menores de 14 anos). O prazo para presentar os traballos será do 14 de novembro ao 10 de decembro, ambos inclusive. As bases estarán dispoñibles na web www.tanxedoira.org

/ Non perdas.../

Recibos cotas.

Coa finalidade de tentar optimizar os sempre escasos recursos económicos da Asociación, agradécese a todos os asociados que, para evitar devolucións dos recibos polo concepto de cota anual que presentarasen ao cobro o próximo día 3 de Outubro, sexan atendidos puntualmente nas contas bancarias facilitadas para tal efecto.

Correo electrónico.

A periódica remisión do Boletín aos asociados realízase, xeralmente, a través do correo electrónico daqueles que dispoñen de conta de correo, o que supón un aforro importante para a Asociación (papel, fotocopias, sobres e selos), ademais de ter as vantaxes de ser recibido polo destinatario con maior celeridade, á vez que facilita o arquivo do mesmo. Por iso, e co fin de poder optimizar os recursos da Asociación, rógase que os asociados que dispoñan deste tipo de conta, que a faciliten á Asociación, o que redundará en beneficio de todos.